

AS DÚAS VISITAS DE VERNE A VIGO

Xulio Verne visitou Vigo en dúas ocasións: en 1878 e en 1884. En ambas as dúas chegou por casualidade. Na primeira, para refuxiarse do mal tempo. E, na segunda, por unha avaría mecánica no seu barco, o *Saint Michel III.* Pero nas dúas gozou enormemente da cidade, demorou a súa estadía varios días e integrouse na vida social.

En xuño de 1878, coincide coa escala do buque-escola francés *Flore*, onde é convidado a cear. Ao longo de catro días Verne presenciou a procesión do Cristo da Vitoria dende os balcóns do Casino. Asistiu a un baile na sociedade La Tertulia. E gozou das festas de Vigo, participando nunha verbena popular con orquestra e fogos de artificio. Tamén visitou o estreito de Rande, o lugar onde levara ao *Nautilus* do capitán Nemo a rescatar os tesouros dos galeóns.

En maio de 1884, ceará na casa do cónsul de Francia e dará longos paseos pola cidade, onde nalgúns barrios se marabilla coas 'mulleres cos pés nus e con panos vistosos sobre a cabeza, vermellos e amarelos'. Nos seus percorridos, sobe ao monte do Castro a contemplar as vistas da ría de Vigo, que cualifica de 'magníficas'.

Nos seus diarios de viaxe, sinala tamén que toma café a diario na praza da Constitución e no café Suizo, onde le a prensa internacional. E deixa o seu correo cada día no hotel Continental.

Máis tarde definirá Vigo nunha carta como unha cidade 'moi fermosa'.

LAS DOS VISITAS DE VERNE A VIGO


Julio Verne visitó Vigo en dos ocasiones: en 1878 y en 1884. En ambas llegó por casualidad. En la primera, para refugiarse del mal tiempo. Y, en la segunda, por una avería mecánica en su barco, el Saint Michel III. Pero en las dos disfrutó enormemente de la ciudad, demoró su estancia varios días y se integró en la vida social.

En junio de 1878, coincide con la escala del buque-escuela francés *Flore*, donde es invitado a cenar. A lo largo de cuatro días Verne presenció la procesión del Cristo de la Victoria desde los balcones del Casino. Asistió a un baile en la sociedad La Tertulia. Y disfrutó de las fiestas de Vigo, participando en una verbena popular con orquesta y fuegos artificiales. También visitó el estrecho de Rande, el lugar donde había llevado al *Nautilus* del capitán Nemo a rescatar los tesoros de los galeones.

En mayo de 1884, cenará en casa del cónsul de Francia y dará largos paseos por la ciudad, donde en algunos barrios se maravilla con 'las mujeres con los pies desnudos y con pañuelos vistosos sobre la cabeza, rojos y amarillos'. En sus recorridos, sube al monte de O Castro a contemplar las vistas de la ría de Vigo, que califica de 'magníficas'.

En sus diarios de viaje, señala también que toma café a diario en la plaza de la Constitución y en el café Suizo, donde lee la prensa internacional. Y deja su correo cada día en el hotel Continental.

Más tarde definirá Vigo en una carta como una ciudad 'muy hermosa'.



O NAUTILUS NA RÍA DE VIGO

18 DE FEBREIRO DE 1868

En outubro de 1702, a batalla de Rande destruía na ría de Vigo á Frota da Prata, os galeóns chegados dende América semanas antes coas maiores riquezas que xamais cruzaron o océano Atlántico. A vitoria de ingleses e holandeses contra a escuadra combinada francoespañola deixaba miles de mortos e a lenda dun extraordinario tesouro. Na Torre de Londres, Isaac Newton acuñaba moedas coa prata de Vigo. E unha formidable operación de propaganda facía nacer o mito do tesouro vigués.

Ao longo das décadas, sucesivas expedicións acudiron a Vigo para intentar rescatar os metais preciosos que se cría xacían no fondo do mar. Na época de Xulio Verne, varias campañas foron noticia en toda Europa. Ían estrear adiantos técnicos como a luz eléctrica baixo a auga coas lámpadas Ruhmkorff ou os novos respiradores autónomos Rouquayrol. Ambos os dous artefactos aparecerán na novela 20.000 leguas de viaxe submarina.

Porque Verne se inspira nestas campañas para traer o submarino *Nautilus* á ría viguesa no capítulo 'A Baía de Vigo', o oitavo da segunda parte da obra. O libro está escrito como un diario, que vai narrando o profesor Pierre Aronnax. E así podemos coñecer a data exacta da súa chegada: o 18 de febreiro de 1868. Ese día, o capitán Nemo narra a batalla de Rande e ironiza sobre as empresas que buscan os supostos tesouros dos galeóns afundidos.

Dez anos máis tarde, en 1878, o propio Verne coñecería persoalmente Vigo na súa primeira visita á cidade.

EL NAUTILUS EN LA RIA DE VIGO

En octubre de 1702, la batalla de Rande destruía en la ría de Vigo la Flota de la Plata, los galeones llegados desde América semanas antes con las mayores riquezas que jamás hayan cruzado el océano Atlántico. La victoria de ingleses y holandeses contra la escuadra combinada franco-española dejaba miles de muertos y la leyenda de un extraordinario tesoro. En la Torre de Londres, Isaac Newton acuñaba monedas con la plata de Vigo. Y una formidable operación de propaganda hacía nacer el mito del tesoro vigués.

A lo largo de las décadas, sucesivas expediciones acudieron a Vigo para intentar rescatar los metales preciosos que se creía yacían en el fondo del mar. En la época de Julio Verne, varias campañas fueron noticia en toda Europa. Iban a estrenar adelantos técnicos como la luz eléctrica bajo el agua con las lámparas Ruhmkorff o los nuevos respiradores autónomos Rouquayrol. Ambos artefactos aparecerán en la novela 20.000 leguas de viaje submarino.

Porque Verne se inspira en estas campañas para traer el submarino *Nautilus* a la ría viguesa en el capítulo 'La Bahía de Vigo', el octavo de la segunda parte de la obra. El libro está escrito como un diario, que va narrando el profesor Pierre Aronnax. Y así podemos conocer la fecha exacta de su llegada: el 18 de febrero de 1868. Ese día, el capitán Nemo narra la batalla de Rande e ironiza sobre las empresas que buscan los supuestos tesoros de los galeones hundidos.

Diez años más tarde, en 1878, el propio Verne conocería personalmente Vigo en su primera visita a la ciudad.